



**Domingo
26
XANEIRO**

Viaxando cos ventos

Casiano Mouriño, director
12 h Teatro Principal

**Venres
31
XANEIRO**

Homenaxe a Concepción Arenal

Casiano Mouriño, director
12.30 h Rúa da Trindade

**Domingo
02
FEBREIRO**

Concerto á Carta

Casiano Mouriño, director
12 h Teatro Principal

**Luns
03
FEBREIRO**

Festas Barrio de Sar

Casiano Mouriño, director
13 h Praza da Colexiata



facebook.com/BandaMunicipal
SantiagoCompostela/
twitter.com/BMSCompostela

COMPOSTELA Cultura
www.compostelacultural.gal
www.auditoriodegalicia.org

TEMPORADA 2019 / 2020

Ciclo de Inverno

“En tempo cos ventos”



Grandes clásicos

Casiano Mouriño Maquieira, director

Domingo 19 de xaneiro de 2020

12 h Teatro Principal

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA
Santa





“Grandes do XIX”

Grandes, xa non só no que respecta aos catro grandes mestres do s. XIX, senón tamén no que infire á propia historia da Banda Municipal de Santiago. Obras e compositores insignes que atopamos no repertorio da agrupación dende o ano 1894; incluso antes de falecer algúns deles, coma no caso de Suppé.

De orixe croata, residirá en Italia e Viena, onde falece. Precisamente a esta última, na década dos 60, chegaban as operetas de Offenbach, que propiciaron que **Suppé** comezara a compoñer neste estilo desenfadado, onde situamos esta abertura. A historia trata dun escultor que se namora da estatua de Galatea. O desexo de que cobre vida élle concedido, aínda que non resulta como esperaba, clamando a volta ao seu estado pétreo orixinal. A abertura comeza de xeito frenético cun breve *tutti* ao que seguirán cambios de tempo que nos guían polas emocións que atravesará o artista.

Tamén prolífico na composición de óperas, pese á súa curta vida, foi **Bizet**. Neste caso desfrutaremos da tan coñecida suite en catro movementos *L'Arlésienne*. Orixinariamente concibida como música incidental para acompañar a obra de teatro homónima de Daudet, finalmente tería máis éxito adaptada en forma de suite.

Outro francés e experto nestas lides era **Delibes**. *Coppélia* constitúe unha fantasía do ballet baseado na historia do *Home de area* de E.T.A. Hoffmann. A elegancia da música, a inclusión de melodías agradables e a profusión de danzas de salón fan desta unha obra amena e grácil.

Pechando a selección, alcanzamos o *Capricho italiano* de **Tchaikovsky**, composta a partires da viaxe que levou ao ruso por Suíza, París e Italia entre os anos 1879 e 1880. Alí se inspiraría para escribir a partitura que, ademais, inclúe melodías populares. Presentada nun único movemento, consta de tres seccións independentes: *Andante un poco rubato*, con gran presenza dos metais; *Pochissimo più mosso*, máis vivo e áxil; e para rematar, un *Allegro moderato* con aire de tarantela.

“...debera gustar, grazas aos temas encantadores que puiden reunir, en parte tomándoos de coleccións publicadas e en parte recolléndoos de oído polas rúas”
(P.I. Tchaikovsky)

PROGRAMA

I

Die Schöne Galathée (Abertura), 1865

F. von Suppé, 1819-1895 (Arr. P. J. Molenaar)

L'Arlésienne (Segunda Suite), 1872

G. Bizet, 1838-1875 (Trans. R. A. de Santiago)

I. Pastoral

II. Intermezzo

III. Minuetto

IV. Farándola

II

Coppélia (Fantasía), 1870

L. Delibes, 1836-1891 (Trans. G. de Arriba)

Capricho italiano, Op. 45, 1880

P. I. Tchaikovsky, 1840-1893 (Trans. D. Martín)